

## APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA

### DENOMINACIÓN DO EXPEDIENTE:

**Servizo:** “Operacións de Conservación e Mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2021-2025)”

**CLAVE:** *ATAU210101*

### ANTECEDENTES:

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. instruíu e examinou o expediente para a contratación do servizo de referencia.

No expediente constan os documentos esixidos no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP).

O expediente tramítase por procedemento aberto.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 317 da LCSP regula a preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada polos poderese adxudicadores que non teñan a condición de Administracións Públicas .

2. O artigo 116 da LCSP regula o contido que debe ter o expediente de contratación.

3. O artigo 122 e 124 da LCSP recolle a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e dos pregos de prescricións técnicas.

4. Segundo o artigo 117 da LCSP, completado o expediente de contratación, dítarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

4. O Consello de Administración da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA ten a competencia para aprobar os pregos e o expediente de contratación de acordo co artigo 11 dos seus Estatutos.

De acordo con todo o indicado o Consello de Administración na súa reunión do 21 de maio de 2021, **resolveu** aprobar o prego, o expediente de contratación e o inicio da licitación do servizo por procedemento aberto.



En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Francisco Menéndez Iglesias  
Presidentde de SPI-Galicia

